

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA

- 14802** *Real decreto 1337/2018, do 29 de outubro, polo que se modifica o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, para a súa adaptación ao establecido no Real decreto 286/2014, do 25 de abril, polo que se establecen os criterios para a determinación das peaxes que se aplicarán a determinados vehículos de transporte de mercadorías en réxime de concesión da Rede de estradas do Estado.*

A eliminación das distorsións da competencia entre as empresas de transporte dos Estados membros, o bo funcionamento do mercado interior e o aumento da competitividade son obxectivos perseguidos polo Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea que motivaron a creación de mecanismos equitativos de imputación dos custos de utilización das infraestruturas.

Xa a Directiva 1999/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 1999, relativa á aplicación de gravames aos vehículos pesados de transporte de mercadorías pola utilización de determinadas infraestruturas, permitiu aos Estados membros cobrar peaxes baseadas na distancia percorrida para recuperar os custos de construción, mantemento e funcionamento da infraestruturas.

A citada regulación foi modificada pola Directiva 2006/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2006, pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, relativa á aplicación de gravames aos vehículos pesados de transporte de mercadorías pola utilización de determinadas infraestruturas, mediante a cal se estableceron as regras para o cálculo dos custos imputables polo uso dos vehículos máis limpos e mecanismos para favorecer a selección de rutas menos conxestionadas, así como para optimizar a carga dos vehículos pesados facendo un uso máis eficaz das infraestruturas.

Posteriormente, após a aprobación da Directiva 2011/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2011, pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, relativa á aplicación de gravames aos vehículos pesados de transporte de mercadorías pola utilización de determinadas infraestruturas, permitiuse a posibilidade de establecer peaxes para os vehículos pesados de transporte de mercadorías asociadas aos custos da infraestruturas e/ou aos custos externos. Tamén se introduciron cambios no ámbito de aplicación e nos criterios para o cálculo destas peaxes, incluídas aquelas correspondentes a autoestradas de peaxe en réxime de concesión.

O prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión foi aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, e publicado no BOE do 16 de febreiro. Desde esa data sufriu varias modificacións parciais, polos reais decretos dos anos 1981, 1988 e 2012, para adaptarse ás novas disposicións normativas que xurdiron con posterioridade á súa promulgación.

Mediante o Real decreto 286/2014, do 25 de abril, polo que se establecen os criterios para a determinación das peaxes que se deberán aplicar a determinados vehículos de transporte de mercadorías en autoestradas en réxime de concesión da Rede de estradas do Estado, traspúxose o contido da Directiva 2011/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2011.

O ámbito de aplicación do citado Real decreto 286/2014, do 25 de abril, adáptase, por tanto, ao establecido pola citada Directiva 2011/76/UE, e refírese ás peaxes que se apliquen aos vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas destinados ao transporte de mercadorías por estrada nos seus percorridos polas autoestradas de peaxe da Rede de estradas do Estado.

En consecuencia, define a metodoloxía para o cálculo destas peaxes e os criterios para aplicarlas, impondo, ademais, novos requisitos para a aplicación de descontos, reducións e modulacións e pagamento das peaxes. Tamén establece as situacións en que se poden introducir recargas e as características que estas deben cumprir, e, así mesmo, regula as comunicacións que se deberán efectuar á Comisión Europea cando se implante un novo réxime de peaxes ou se modifique algún existente.

Por último, na súa disposición adicional segunda establece que se adaptará o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, ao establecido neste real decreto, nun prazo non superior a 3 anos desde a súa entrada en vigor e, en todo caso, antes da licitación de calquera novo contrato de concesión de autoestradas de peaxe.

Pola súa parte, e no que se refire á competencia para a aprobación e, debe entenderse, así mesmo, para a modificación do citado prego de cláusulas xerais, a lexislación sectorial de autoestradas, cuxa norma esencial é a Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, recolle na súa disposición derradeira terceira que no prazo de seis meses contados desde a data da súa entrada en vigor, o extinto Ministerio de Obras Públicas, hoxe Ministerio de Fomento, co informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, hoxe denominada Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, e co ditame do Consello de Estado, redactará un prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, que someterá á aprobación do Goberno.

A dita previsión complementase co disposto na recente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cuxo punto primeiro do seu artigo 121, «Pregos de cláusulas administrativas xerais», establece no ámbito da contratación que o Consello de Ministros, por iniciativa dos ministerios interesados, por proposta do ministro de Facenda e co ditame previo do Consello de Estado, poderá aprobar pregos de cláusulas administrativas xerais, que se deberán axustar no seu contido aos preceptos desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento.

En consecuencia, e para dar cumprimento a estes mandados, procédese, mediante o presente real decreto, á modificación das cláusulas 40 e 43 do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e engádense dúas novas cláusulas, 40 bis e 43 bis, ao prego, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia e que a norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados, e tamén se axusta ao principio de seguranza xurídica, por canto supón un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas. Canto ao principio de transparencia, a norma foi sometida ao trámite de audiencia ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe. Con respecto ao principio de eficiencia, este real decreto non produce cargas administrativas para as empresas nin para as persoas, nin terá impacto directo nos orzamentos xerais do Estado, ao non supor ningunha variación do gasto público por se tratar dunha adaptación ao que xa está vixente.

Durante a tramitación deste real decreto efectuouse o correspondente trámite de audiencia ás asociacións e entidades máis representativas dos sectores afectados e pediuse informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado e do Consello de Estado.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución, sobre lexislación básica en materia contratos e concesións.

A entrada en vigor deste real decreto producirase o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», dado que o prazo de tres anos, previsto na disposición adicional segunda do Real decreto 286/2014, do 25 de abril, para a adaptación do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, xa se excedeu, e mediante o dito real decreto se traspuxo a Directiva 2011/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2011, e porque esa adaptación é un requisito previo para que se poida licitar calquera novo contrato de concesión de autoestradas de peaxe.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Fomento e por proposta da ministra de Facenda, co informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro.*

O prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, queda modificado da seguinte maneira:

Un. A cláusula 40 queda redactada como segue:

«Cláusula 40. *Peaxes.*

A peaxe é a contraprestación en diñeiro que percibe o concesionario dos usuarios da autoestrada en pagamento da súa utilización.

A contía da peaxe virá determinada, con carácter xeral, pola aplicación das tarifas ao percorrido efectivo realizado polo usuario.

Para tal efecto, o cómputo da distancia percorrida en cada caso polo usuario determinarase en función das lonxitudes do tronco da autoestrada e das medias dos seus ramais de entrada e saída.

Para a súa aplicación, as peaxes deberán ser aprobadas pola Administración e incluídas nos regulamentos de servizo das concesións.

O concesionario virá obrigado a entregar ao usuario que o solicite un comprobante do pagamento efectuado en que conste tanto o percorrido realizado como a cantidade aboada.

O importe das peaxes aplicables aos vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas, destinados en exclusiva ao transporte de mercadorías por estrada, obterase de acordo cos criterios e a metodoloxía de cálculo establecida nos artigos 4 e 5 do Real decreto 286/2014, do 25 de abril, polo que se establecen os criterios para a determinación das peaxes que se deberán aplicar a determinados vehículos de transporte de mercadorías en autoestradas en réxime de concesión da Rede de estradas do Estado.

As peaxes aplicaranse sen discriminación directa ou indirecta por razón da nacionalidade do transportista, país ou lugar de establecemento do transportista, matriculación do vehículo ou orixe ou destino do transporte».

Dous. Engádesse unha nova cláusula 40 bis, coa seguinte redacción:

«Cláusula 40 bis. *Condicións de pagamento.*

Canto ás condicións de pagamento, será de aplicación o establecido no artigo 10 do Real decreto 286/2014, do 25 de abril».

Tres. A cláusula 43 queda redactada como segue:

«Cláusula 43. *Bonificacións, descontos e reducións.*

O concesionario poderá establecer, logo de autorización da Administración con carácter xeral e obxectivo, sistemas de descontos, abonos ou bonificacións nas peaxes cos cales considere obter o máximo aproveitamento comercial na utilización da autoestrada.

Os novos descontos ou reducións de peaxe que se apliquen aos vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas, destinados en exclusiva ao transporte de mercadorías por estrada, soamente se poderán establecer sempre e cando se cumpra o establecido no artigo 7 do Real decreto 286/2014, do 25 de abril.

Non terán consideración de descontos ou reducións de peaxe as modulacións establecidas na cláusula 43 bis».

Catro. Engádesse unha nova cláusula 43 bis, coa seguinte redacción:

«Cláusula 43 bis. *Modulacións e recargas.*

As peaxes aplicadas a vehículos pesados cunha masa máxima autorizada superior a 3,5 toneladas, destinados en exclusiva ao transporte de mercadorías por estrada, modularanse, se for o caso, de acordo co establecido no artigo 8 do Real decreto 286/2014, do 25 de abril.

Así mesmo, poderase engadir unha recarga ás peaxes aplicadas aos vehículos indicados no parágrafo anterior de acordo co establecido no artigo 9 do Real decreto 286/2014, do 25 de abril».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución, sobre lexislación básica en materia contratos e concesións.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO